

Redondela

anova
IRMANDADE NACIONALISTA

Proposta/debate dun modelo organizativo nas asembleas locais

Principios Organizativos

- Asembleas soberanas no seu ámbito local e que se confederan con vocación de permanencia para ser un actor político nacional
- Asemblearismo entendido como a participación directa e indelegábel (collen aquí formas de referendo mediante as TIC para consultas), nas grandes decisións e na elección dos órganos de coordinación e/ou executivos nacionais así como eventuais candidaturas
- Aceptación dun código ético partillado

** Principios Organizativos*

Estrutura e Organización Territorial

- Artigo 6.- O novo referente político organízase territorialmente en catro grandes ámbitos: local, comarcal, nacional e a diáspora. Por local enténdense aquelas asembleas de base de ámbito parroquial, de barrio, municipal ou intermunicipal. No ámbito local as asembleas soberanas autoorganízanse e coordínanse con total autonomía, sempre que respecten os principios políticos, organizativos e éticos do novo referente político. Poderán asistir ás asembleas locais persoas colaboradoras e simpatizantes, con voz pero sen voto, do xeito que se regule por cada convocatoria
- Artigo 7*.- A asemblea nacional é o máximo órgano e está formada pola totalidade das persoas afiliadas. Entre os seus fins está definir a liña política e as actividades da organización no seu ámbito
- Artigo 9.*- As Coordinadoras son o órgano coordinador e executor dos acordos do seu respectivo nivel asemblear. A súa assemblea de referencia decidirá o número de persoas que a compoñen e os seus cometidos concretos

Principios anova

- Asemblearismo
- Participación dentro da Democracia Participativa
- Ben Común
- Horizontalidade
- Nacionalismo
- Anticapitalismo


Estratexia de Construción

- Dende as asembleas de base
- De abaixo a arriba
- Coa participación - Militantes e Cidadanía
- Impedir os dirixismos
- Promover a auto-fiscalización

Proposta de Organización

- En todos os casos a Asemblea Local delibera e decide sobre todas as propostas feitas polos Cidadáns, Grupos de Traballo e da Xunta de Portavoces.
- Baixo a Soberanía da Asemblea Local, o conxunto de portavoces dos Grupos de Traballo forman a Xunta de Portavoces, comisionados para a organización, loxística e de coordinación global dos Grupos de Traballo.
- Xunta de Portavoces: Elección das Portavocías dos Grupos de Traballo.
- Cada Grupo de Traballo propón á Asemblea unha Portavocía. A Asemblea decide e nomea a/o/s militantes propostos con carácter Temporal (a decidir o tempo) e Rotatorio. A ser posible nomease tamén un Portavoz suplente.

Modelo Organizativo



10 Grupos de Traballo	10 Portavocías	Obxectivos /Actividades / Tarefas
Xestión Administrativa	1 Portavocía	• Rexistro e datos de militantes. • Elaboración e Custodia de Actas e de Acordos. • Convocatoria da Asemblea recepción de propostas e asuntos a incluír na orde do día. • Organizar e moderar a Asemblea, etc.
Comunicación e Formación	1 Portavocía	• Interna: <i>Listaxes de corre@, intranet,...</i> • Externa: Xestión da páxina Web e redes sociais..., etc.
Tesourería	1 Portavocía	• Levar e custodiar os Libros de contas (ingresos e gastos). Xestión de orzamentos..., etc.
Réxime Interior e Fiscalización	1 Portavocía	Réxime Interior: • Elaborar o código de conduta para incorporar no documento dos Regulamento de Réxime Interno. Fiscalización: • Auditar e fiscalizar todas as actividades e entes internos e externos. • Elaborar os procedementos de fiscalización interior e pública.
Peticións Parroquiais e Relacións Institucionais	1 Portavocía	Peticións: • Recoller, atender e comunicar as peticións das Parroquias, Agrupacións e de cidadáns en xeral. • Concello: Asistir aos Plenos do Concello e presentación de mocións. Relacións Institucionais: • Externas: Concello, outros partidos e asociacións. • Internas de Anova: Asemblea Nacional, Comarcal, outras AL e Grupos Parlamentarios de AGE.
De Muller	1 Portavocía	
Desenvolvemento Local Facenda e Orzamento Participativo	1 Portavocía	Desenvolvemento Local: Realizar un PDL no marco dos 3 sectores produtivos: • <i>Primario (Pesca e Marisqueo/Agricultura, Alimentación, Gandeiría e Montes)</i> • <i>Secundario (Industria e Enerxía)</i> • <i>Terciario (Servizos, Comercio e Turismo)</i> Facenda e Orzamento Participativo: • Asuntos da Facenda Local e Estudar a viabilidade dun orzamento participativo no Concello.
Acción Social	1 Portavocía	Acción Social e Emprego.
Medio Ambiente Ordenación territorial e Urbanismo	1 Portavocía	Medio Ambiente. Ordenación territorial das Parroquias. Urbanismo e Obras Públicas ou Servizos comunitarios.
Sanidade e Educación	1 Portavocía	Sanidade e Saúde. Educación e Cultura.



Ata 10 Grupos

- Portavocías

Recursos para a descarga

- Recursos para a descarga
 - www.garaloces.com -> Descargas anova
 - Esta proposta/debate en PDF
 - Documento base proposta de Organización anova Redondela
 - Anova Nacional - Principios Organizativos

Necesítanse novos enfoques para anovos horizontes

anova
IRMANDADE NACIONALISTA
Redondela

*Fran Sobral
Rafa Balado
Xabier Garaloces*

Dignidade
Ben Común Solidariedade
Cultura
Língua Igualdade Cooperación
Democracia Participativa